



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Logo de ver a resolución de alcaldía de data 18 de novembro de 2021 pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións a asociacións culturais, deportivas, veciñais e educativas e para actividades de reinserción social do Concello de Rois para o ano 2021.

Logo de ver as bases reguladoras de subvencións a asociacións culturais, deportivas, veciñais e educativas e para actividades de reinserción social do Concello de Rois para o ano 2021.

Logo de ver que en data 24 de novembro de 2021 se publicou no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 224 e no taboleiro de anuncios, concedéndose un prazo de 15 días naturais para presentar as solicitudes, de conformidade co establecido na base sexta das bases reguladoras das subvencións, finalizando o prazo de presentación destas o día 9 de decembro de 2021.

Logo de ver que en data 24 de novembro de 2021 se publicou na Base de Datos Nacional de Subvenciones a convocatoria desta subvencións co número 595881.

Logo de ver que a Comisión de valoración das subvencións acordou a proposta de adxudicación con data 2 de marzo de 2022, e para os efectos de proceder á valoración das solicitudes presentadas

Considerando o disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, artigos 23 a 27 sobre subvencións en réxime de concorrencia competitiva e nas bases aprobadas por resolución de alcaldía

## RESOLVO

Primeiro.- Aprobar a proposta definitiva de adxudicación de subvencións destinadas a asociacións culturais, deportivas, veciñais e educativas e para actividades de reinserción social do ano 2021, coas cantidades económicas que se relacionan de seguido:

ASOCIACIÓN	SUBVENCIÓN PREVISTA
CPI OS DICES	369,60 €
CEIP URDILDE	2.700,00 €
ANPA DA FONTE ESCOLA INFANTIL	452,84 €
ANPA SAN ISIDRO	1.196,64 €
ANPA URCAEL	2.800,00 €
CHORIMA	2.353,45 €
ASOCIACIÓN DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS ESTORIBOR	750,00 €
CLUB DE PESCA DEPORTIVA LONDRA	1.500,00 €



ASOCIACIÓN	SUBVENCIÓN PREVISTA
SOCIEDAD DEPORTIVA URDILDE	3.000,00 €
SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZADORES DE ROIS	1.000,00 €
GALICIA MOTORSPORT	750,00 €
ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS DE URDILDE	277,20 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O TRAVADOIRO	750,00 €
ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA DE ROIS	750,00 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE RIBASAR	501,56 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A PONTENOVA	271,79 €
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O CASTRO HERBOGO	750,00 €
AMIPA	2.000,00 €

Segundo.- Autorizar o gasto, recoñecendo a obriga de cada unha das subvencións concedidas.

Terceiro.-Publicar a presente resolución no Taboleiro electrónico e na web municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de intervención e tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Rois, na data da sinatura electrónica

O alcalde

Ramón Tojo Lens

O secretario

Diego Losada Romero



CONCELLO DE ROIS

Samil 1, Oín. 15911 Rois (A Coruña)

T 981804109 F 981804182

[correo@rois.gal](mailto:correo@rois.gal)

[www.rois.gal](http://www.rois.gal)

## CERTIFICADO CONCESIÓN SUBVENCIÓN CLUB DEPORTIVO ROIS

Diego Losada Romero, secretario do Concello de Rois,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Rois, na sesión ordinaria do mércores 16 de marzo de 2022, aprobou o acordo que deseguido se transcribe:

### CONCESIÓN SUBVENCIÓNS ASOCIACIÓNS 2021: CLUB DEPORTIVO ROIS

Logo de ver a base oitava das Bases de convocatoria de subvencións culturais, deportivas, veciñais, educativas e para reinserción social do Concello de Rois para o ano 2021, publicadas no BOP nº 224 de 24 de novembro de 2021.

Logo de ver a base décimo cuarta das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Rois para o exercicio 2021.

Logo de se reunir a Comisión avaliadora designada para este efecto.

A Comisión avaliadora proponlle á Xunta de Goberno Local a concesión da seguinte subvención que deseguido se detalla:

1. CLUB DEPORTIVO ROIS: 6.500,00 €

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda a concesión da devandita subvención.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do Sr. alcalde

Rois, na data da sinatura electrónica

O alcalde

O secretario

Ramón Tojo Lens

Diego Losada Romero